## Propiedade municipal dende o ano 2001

A Casa do Concello tivo ao longo da súa historia varios propietarios: dos Fernández Pacheco pasou ós Fernández Lasiote; en 1878 converteuse na «Casa dos Alonsos»; e no ano 1956 pasou a ser propiedade do Bispado de Tui. Así ata a súa venta ao Concello da Guarda no ano 2001. Adquirido o edificio, o concello procedeu ó seu baleirado interior deixando unicamente en pé a fachada principal. Provisionalmente o solar foi destinando a aparcamento público, permanecendo nesta situación ata que no ano 2009 se iniciaron as obras de rehabilitación do edificio para ser a nova sede do Concello. As diversas actuacións levadas a cabo dende entón remataron no verán de 2018 cando unhas amplas e modernas instalacións municipais se puxeron ó servizo de toda a veciñanza da Guarda. A inauguración oficial da nova Casa Consistorial tivo lugar o 22 de febreiro de 2019.

# Casa do Concello

**A GUARDA** | Pontevedra

# Casa do Concello

**A GUARDA** | Pontevedra

CONCELLO DE A GUARDA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

## Unha «CASA INDIANA» de arquitectura señorial urbana

A sede do actual Concello da Guarda, a coñecida como «Casa dos Alonsos», é unha casa indiana de estilo autóctono con aire señorial urbano. Está situada na Praza do Reló, fronte á torre que presidía a antiga entrada á vila intra muros, dando un lateral á rúa que conduce á igrexa parroquial. Do edificio orixinal só queda en pé a súa elegante fachada, de pedra nobre, cuns panos moi lixeiros de cachotaría lucida. A planta baixa posúe dez portas, todas con lintel e van superior. Oito delas están coroadas por arcos de medio punto e dúas por formas rectangulares. A segunda planta está formada por dez ventás cos seus respectivos balcóns voados de pedra, todas elas coroadas por arcos de medio punto cegados sobre o lintel. A fachada remata nunha sobria e magnífica cornixa de pedra, sobre a que se levanta un ático de nova construción.

Casa dos Lasiotes no ano 1868. (Cortesía de Antonio Martínez Vicente)

## CASA DOS LASIOTES (S. XIX)

Descoñecemos cando foi levantado o edificio orixinal, aínda que a hipótese máis razoable lévanos á década de 1830. O nome da casa primixenia débese ó seu propietario nas décadas de 1860 e 1870, o comerciante, alcalde e deputado provincial Juan Antonio Fernández Lasiote, quen a súa vez a herdara dos seus pais Benito Fernández Lasiote e Rosa Benita Fernández Pacheco. E como seu pai era natural do Rosal, é moi probable que a casa pertencese á familia materna, os Fernández Pacheco, que eran da Guarda. De feito, dous irmáns de Rosa Benita, Juan Francisco e Francisco Benito Fernández Pacheco, eran uns exitosos emigrantes a México que se retiraran á España na década de 1820. En boa lóxica ese retorno coincidiría coa construción desta preciosa casa urbana na praza principal da vila, cos seus baixos destinados ao comercio. E como ambos irmáns morreron solteiros, a casa pasou a mans da súa irmá Rosa Benita.

## CASA DOS ALONSOS (1878)

En 1878, levando xa algúns anos retirados de Puerto Rico, os irmáns Joaquín, Antonio e Bernardo Alonso Martínez –tamén alcaldes e deputados provinciais– compraron a magnífica casa da familia Lasiote na Praza do Reló. Antes xa mercaran dúas pequenas casas situadas ao seu carón, e agora no seu solar edificaron outra casa anexa que realmente era unha prolongación da principal. Comunicadas ambas por dentro, pasaron a formar un só edificio, unha enorme «casa indiana» coñecida dende entonces como «Casa dos Alonsos». O edificio estaba formado por dúas plantas máis un ático con cinco ventás sinxelas e un balcón corrido no corpo da esquerda e un sobrio sotabanco de pedra na dereita. Esta casa tiña un tellado a dúas augas e un patio na parte posterior, rodeado todo el por unha galería. Unha vez convertida en vivenda familiar, os seus propietarios revestírona por dentro do esplendor propio da súa clase social, isto é, da burguesía: un primeiro andar das escaleiras en mármore branco, artísticos ceos rasos nos teitos, así como tapices nas paredes e alfombras nos salóns. E en 1889 dotárona dun oratorio no primeiro piso, que en 1893 pasou a ser unha capela privada para o culto.

Salón principal da Casa dos Alonsos. (Cortesía do Colexio PP. Somascos)

Inauguración da Capela dos Alonsos en 1893. (Cortesía do Colexio PP. Somascos)

## COLEXIO PP. SOMASCOS (1957)

Ao morrer sen sucesión a última descendente da familia Alonso, creouse en 1956 a «Fundación Alonso». A casa pasou entonces a pertencer ao Bispado de Tui, quen a cedeu á orde relixiosa italiana dos Pais Somascos para usala como colexio. O ano seguinte, en 1957, chegaron os primeiros somascos para tomar posesión do edificio e transformalo nun colexio. O oratorio do primeiro piso trasladárono á parte baixa, á esquerda da entrada, converténdoo na capela do centro con culto aberto ao público. Non obstante, na «Casa dos Alonsos» só se impartiron dous cursos, entre os anos 1957 e 1959, xa que logo o colexio se trasladou a outro inmoble da Fundación na rúa Vicente Sobrino. Dende entón o edificio mantivo ocupacións ocasionais de diferente natureza, languidecendo e deteriorándose co paso dos anos; así ata que no ano 2001 o Bispado vendeullo ao Concello da Guarda para usos múltiples.

A Casa dos Alonsos cara o ano 1957. (Cortesía do Colexio PP. Somascos)

Capela dos Somascos, na Casa dos Alonsos, en 1963. (Cortesía do Colexio PP. Somascos)